


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




Por provincias rexístrase unha porcentaxe de asistentes a actuacións musicais lixeiramente máis alta nas provincias meridionais, con Pontevedra á cabeza, tanto se falamos de asistentes totais como se falamos só dos frecuentes. En cambio, a porcentaxe de consumidores habituais deste xénero alcanza o seu valor máis alto na Coruña.

Táboa 55. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo	Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo			Total
	<= 20.000 hab.	20.001 a 50.000 hab.	7 Cidades	
Máis de 6 veces ao ano	26,7%	31,1%	42,7%	33,2%
Entre 2 e 6 veces ao ano	43,9%	43,4%	31,5%	39,8%
Unha vez ao ano	12,7%	5,4%	15,6%	11,2%
Nunca	16,7%	20,0%	10,2%	15,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a actuacións musicais segundo o hábitat




Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

As actuacións musicais demostran ser consumidas en maior proporción polos espectadores do IGAEM que asisten a espectáculos no ámbito das 7 cidades. Este fenómeno de caracterización urbana faise máis patente conforme maior é a frecuencia de consumo de música: a porcentaxe de espectadores habituais nas urbes supera en aproximadamente o 50% á que se rexistra nos outros dous tamaños de hábitat definidos.

Táboa 56. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o xénero

Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o xénero	Xénero		Total
	Home	Muller	
Máis de 6 veces ao ano	32,8%	33,5%	33,2%
Entre 2 e 6 veces ao ano	45,3%	36,9%	39,8%
Unha vez ao ano	8,3%	12,8%	11,2%
Nunca	13,7%	16,8%	15,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




Dentro dos asistentes aos espectáculos musicais non se detectan diferenzas importantes na intensidade de consumo entre homes e mulleres. Por moi pouco a porcentaxe de asistentes é algo maior entre os homes, así como tamén a proporción de asistentes regulares.

En canto a frecuencia de asistencia acontece aproximadamente o mesmo que para o outro xénero maioritario analizado: o teatro en galego. A xeneralización da asistencia parece igualar os perfís de asistencia e intensidade de consumo por xénero.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 57. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo intervalos de idade

Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo intervalos de idade	Intervalos de idade						Total
	15-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55-64 anos	65+ anos	
Máis de 6 veces ao ano	45,0%	38,2%	29,1%	23,1%	29,4%	49,1%	33,2%
Entre 2 e 6 veces ao ano	29,8%	41,1%	42,4%	41,1%	42,2%	32,1%	39,8%
Unha vez ao ano	10,5%	7,8%	9,9%	19,6%	12,7%	-	11,2%
Nunca	14,7%	12,9%	18,6%	16,2%	15,7%	18,7%	15,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%



Na análise por idades pódese comprobar que a porcentaxe de asistentes a espectáculos musicais non varía sensibelmente coa idade.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Se nos centramos nas frecuencias de asistencia a este tipo de actuacións é onde podemos apreciar que as intensidades de consumo son maiores canto máis novo é o espectador, até o punto de que a porcentaxe de asistentes habituais entre os menores de 25 anos é máis do 50% superior á que se rexistra nos intervalos situados por riba dos 35 anos (coma sempre os datos das persoas de 65 e máis anos non son representativos).

En xeral verificase que os espectadores ocasionais están presentes por igual en todos os intervalos, de xeito que as diferenzas na fracción de asistentes habituais se compensan na fracción dos asistentes regulares. O resultado é que a porcentaxe de asistentes frecuentes é tamén bastante homoxénea, aínda que alcanza o seu máximo no intervalo con maior número absoluto de espectadores: entre os 25 e os 34 anos.

Táboa 58. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o nivel de estudos

Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo o nivel de estudos	Cal é o seu nivel de estudos?									Total
	Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarización	Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO	Bacharelato elemental EXB ou ESO completo	FPI grao medio ou oficiala industrial	Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU	FP II grao superior ou mestría industrial	Diplomatura, arquitectura ou enxeñaría técnicas	Licenciatura, arquitectura ou enxeñaría superiores	Doutoramento	
> 6 veces ao ano	-	19,0%	31,1%	3,6%	34,0%	34,0%	32,0%	40,2%	65,0%	33,2%
2- 6 veces ao ano	5,1%	25,7%	17,9%	31,9%	45,4%	44,1%	45,7%	42,5%	35,0%	39,8%
1 vez ao ano	-	13,0%	14,0%	32,9%	13,1%	4,3%	15,7%	6,7%	-	11,2%
Nunca	94,9%	42,4%	37,0%	31,6%	7,5%	17,6%	6,6%	10,6%	-	15,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



No cruce de resultados en función do nivel de estudos apréciase a correlación máis forte de todas as vistas até o de agora entre formación académica e a propensión ao consumo de espectáculos musicais, dun lado, e intensidade de consumo, doutro.

A porcentaxe de espectadores dos eventos musicais medra desde o 60% nos intervalos formativos inferiores ata o 90% nos superiores (un 50% máis). No que atinxe á frecuencia de asistencia as fraccións de espectadores habituais ou de espectadores frecuentes duplícase ao pasarmos das persoas con estudos básicos ás que cursaron un ciclo universitario superior.


O único intervalo que interrompe esta progresión, alén dos intervalos non representativos inferior e superior, é o das persoas con nivel formativo equivalente ao primeiro ciclo de formación profesional, que é, despois dos anteriores, o seguinte que reúne un menor número de observacións. De aí que a súa oscilación tamén sexa habitual.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 59. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo a relación coa actividade económica

Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo a relación coa actividade económica	Cal é a súa relación coa actividade económica?					Total
	Ocupado/a	Parado/a	Estudante	Labores do fogar	Xubilado/a, pensionista, outra situación	
Máis de 6 veces ao ano	33,2%	36,9%	44,9%	19,0%	24,7%	33,2%
Entre 2 e 6 veces ao ano	43,5%	35,8%	27,4%	25,7%	44,0%	39,8%
Unha vez ao ano	10,9%	16,5%	10,6%	19,8%		11,2%
Nunca	12,4%	10,8%	17,1%	35,5%	31,3%	15,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a actuacións musicais segundo a relación coa actividade económica



As persoas activas economicamente no mercado laboral, ocupadas ou paradas, máis as estudantes son as que presentan porcentaxes de asistentes máis elevadas, superando en aproximadamente 20 puntos ás restantes categorías que compoñen a denominada nestes termos poboación inactiva.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Nestes tres grupos principais en intensidade de consumo a fracción de espectadores ocasionais (e polo tanto a de espectadores frecuentes) é semellante, presentándose as diferenzas cando extraen os frecuentes e se comparan as fraccións de asistentes habituais e regulares. Neste sentido os estudantes primeiro, seguidos dos parados e por último os ocupados, son os que presentan, de máis a menos, maiores porcentaxes de espectadores habituais.

De feito, entre os estudantes a fracción máis numerosa é a dos asistentes habituais, entanto nas persoas ocupadas a máis numerosa é a dos asistentes regulares. Nos parados ambas as fraccións son equivalentes.

3.3. Grao de interese polos espectáculos do IGAEM

Se a frecuencia de asistencia declarada é un dos principais criterios de análise do público dos espectáculos escénicos outro criterio habitualmente utilizado é o do interese, isto é, o grao de atracción que determinado tipo de espectáculo ten para cada individuo.

Neste apartado descríbense as respostas que os individuos que compoñen o público da Rede teñen dado á pregunta que neste sentido se lles formulou no cuestionario.

Para medir este nivel de interese empregouse unha escala de Likert de 1 a 10 puntos, co seguinte significado aproximado:

Táboa 60. Escala de Likert para a medición do interese polos xéneros escénicos

Escala de Likert para a medición do interese polos xéneros escénicos		Punto
Valores aproximados	Nada interesado/a	1
		2
	Pouco interesado/a	3
		4
	Algo interesado/a	5
		6
	Bastante interesado/a	7
		8
	Moi interesado/a	9
		10

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Os resultados da análise de interese para o conxunto do público da Rede, independentemente do feito de ter asistido ou non a un determinado tipo de espectáculo, son os que se mostran a seguir:

Táboa 61. Estatísticos descritivos do grao de interese polos xéneros escénicos


Estatísticos descritivos do grao de interese polos xéneros escénicos	Teatro en galego	Teatro en castelán	Teatro infantil	Monicreques	Maxia	Danza	Música
Media	7,97	7,38	6,14	5,99	5,17	6,15	7,86
Mediana	8	7	7	6	5	6	8
Moda	8	8	8	8	5	8	8
Desvío patrón	1,55	1,60	2,76	2,74	2,62	2,26	1,48
Coefficiente de variación	19%	22%	45%	46%	51%	37%	19%

Grao de interese polos xéneros escénicos

Grao de interese polo teatro en galego




Grao de interese polo teatro en castelán




II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Grao de interese polo teatro infantil




Grao de interese polos monicreques




Grao de interese pola maxia



Grao de interese pola danza



Grao de interese pola música



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

O teatro en galego e a música son os xéneros polos que o público da Rede de Teatros e Auditorios di sentir un maior interese. Os dous obteñen uns valores medios, medianos e modais de 8 puntos (bastante interesante).

Moi preto de ambos os dous se sitúa o teatro en castelán, aínda que a media baixa ata os 7 puntos e medio aproximadamente, e o valor mediano baixa dos 8 aos 7 puntos.

Os tres xéneros comentados mostran ademais uns desvíos patrón e uns coeficientes de variación moi reducidos, o que significa que as valoracións están moi concentradas en torno aos valores dos estatísticos comentados.

Nun segundo grupo en valoración media encontramos a danza, o teatro infantil e o teatro de monicreques, con arredor de 6 puntos (algo interesante). En último lugar figura a maxia, con practicamente 5 puntos e unha nota media inferior ao punto central da escala (5,5 puntos).

Se en vez da nota media atendemos á dispersión das valoracións efectuadas, dentro deste segundo grupo de xéneros valoraríamos en primeiro lugar a danza, que posúe o coeficiente de variación máis reducido. Isto quer dicir que o conxunto das valoracións emitidas son semellantes e que aínda que non hai excesivos individuos que a consideren un xénero bastante ou moi interesante tampouco hai tantos que a consideren pouco ou nada atraínte. Detrás da danza, con desvíos patróns superiores, atópanse o teatro infantil e de monicreques, e sobre todo a maxia.

O que se pon de manifesto con estas cifras é a posición intermedia pero emerxente que está alcanzando o xénero da danza entre os diferentes tipos de espectáculos promovidos polo IGAEM. Aínda existe unha importante fracción de xente que non acode a espectáculos de danza pero o interese declarado por eles non está tan lonxe dos xéneros máis populares. Verifícase que esta tendencia segue con algo de atraso o comportamento que este mesmo xénero vén rexistrando nos últimos anos no conxunto do Estado, nomeadamente nas principais capitais, tal e como poñen de manifesto os últimos Anuarios SGAE das Artes Escénicas e Musicais.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Cómpre non esquecer, ademais, que parte destes resultados e valoracións están provocados polo feito de que o público entrevistado é o que é: o que asistiu aos espectáculos desenvolvidos polo IGAEM, onde existe unha forte presenza dun xénero, que é o teatro galego, e unha presenza algo ou moito máis reducida dos demais.

As gráficas coas distribucións de frecuencias anteriores reflicten varias conclusións interesantes:

- Só os tres xéneros con maior nota media e menor coeficiente de variación son os que se aproximan a unha distribución de frecuencias normal, no sentido estatístico do concepto. As preferencias dos entrevistados pola danza compórtanse dun xeito intermedio, entanto os restantes xéneros mostran un histograma irregular.
- Entre os tres xéneros preferidos os valores modais da distribución de frecuencias sitúanse claramente na parte alta da escala de valoración, mentres que na danza e nos tres xéneros de menos interese o valor 5 é case tan frecuente como os correspondentes valores modais.
- Nestes 4 xéneros dos menos interesantes para o conxunto do público existe unha importante fracción de entrevistados que considera pouco ou nada interesantes estes tipos de espectáculos: 18% na danza, pero 25-26% no teatro infantil e de monicreques e 32% na maxia.

Grao de interese vs. Frecuencia de asistencia


Máis esclarecedor que analizar as cifras anteriores consideradas nunha soa dimensión resulta efectuar o cruce do grao de interese coa frecuencia de asistencia.

Esta forma de proceder pode axudar a identificar as correspondencias ou contradicións entre atractivo manifestado e consumo declarado, así como apreciar se existen espectadores que consomen sen interese algún tipo de espectáculo ou espectadores interesados que non consomen.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Relación entre interese e frecuencia de asistencia aos xéneros escénicos


Teatro en galego: Interese vs. frecuencia de asistencia




Teatro en castelán: Interese vs. frecuencia de asistencia



Teatro infantil: Interese vs. frecuencia de asistencia




Monicreques: Interese vs. frecuencia de asistencia




II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Maxia: Interese vs. frecuencia de asistencia



Danza: Interese vs. frecuencia de asistencia



Música: Interese vs. frecuencia de asistencia



Para todos os espectáculos analizados os datos describen unha relación positiva entre grao de interese por un xénero escénico e a frecuencia de asistencia ao mesmo. Ademais, salvo nun caso, todas as gráficas mostran un comportamento monótono crecente.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A resistencia que un individuo pode posuír, sempre en termos de interese por un espectáculo, pódese medir pola pendente da curva no segmento que separa a categoría dos que nunca asistiron á dos que asisten unha vez no ano ou menos (asistentes ocasionais). Canta maior diferenza hai nas medias do grao de interese destas dúas categorías máis difícil resultaría, a priori, lograr que unha persoa asistise por vez primeira a un espectáculo calquera diante duns estímulos (promoción, educativos, etc.) que intentasen mudar o seu grao de interese por el.

Á marxe das condicións obxectivas de asistencia, para analizar as barreiras ou obstáculos existentes para que unha persoa que non asistiu nunca a un determinado espectáculo dea o paso e vaia por vez primeira, ten sentido avaliar cal é o grao de interese necesario para verificar isto. Se estivésemos falando das barreiras para un espectador ocasional se converter en regular o lóxico parece atender sobre todo ao nivel de beneficio ou satisfacción obtido dunha primeira asistencia ou consumo.

O cadro seguinte resume os límites medios inferiores e superiores de asistencia aos diferentes tipos de obstáculos:

Táboa 62. Estatísticos descritivos do grao de interese polos xéneros escénicos segundo a frecuencia de asistencia

Estatísticos descritivos do grao de interese polos xéneros escénicos segundo a frecuencia de asistencia	Teatro en galego	Teatro en castelán	Teatro infantil	Monicre- ques	Maxia	Danza	Música
Non asistentes	6,43	6,49	3,99	4,00	5,19	4,92	6,54
Asistentes ocasionais	6,39	6,97	6,12	6,46	5,77	6,52	7,77
Diferenza	-0,04	0,48	2,13	2,46	1,58	1,60	1,23

En primeiro lugar, verifícase que de entre os non asistentes os espectáculos que mostran un maior grao de interese declarado son os tres xéneros principais: teatro en galego, música e teatro en castelán. Os demais xéneros, posúen valoracións equivalentes a ‘pouco interese’ e só a maxia presenta un valor ‘algo interesante’.